



RESOLUCIÓN do 30 de xuño de 2017 relativa ao procedemento de revogación de recoñecemento da Federación Galega de Fútbol Sala como federación deportiva galega e de cancelación da inscrición da Federación Galega de Fútbol Sala no Rexistro de Entidades Deportivas

ANTECEDENTES.

PRIMEIRO.O 4 de outubro de 2012, as Federacións Galegas de Fútbol e de Fútbol Sala asinaron un convenio polo que ambas partes manifestaban na súa estipulación primeira que a súa intención era a de unificar as entidades e que era intención das partes que esta unificación se levara a efecto na tempada 2013/2014, outorgando a ese convenio un carácter transitorio en tanto non se acadara esa unificación.

SEGUNDO.Durante os anos transcorridos desde a sinatura do convenio, leváronse a cabo numerosos intentos para conseguir unha unificación de mutuo acordo entre as partes.

TERCEIRO.Na última xuntanza mantida entre as dúas federacións e a Secretaría Xeral para o Deporte acordouse elaborar unha proposta para conseguir a unificación de ambas federacións mediante a integración do fútbol sala na Federación Galega de Fútbol.

Esta proposta foille remitida a ambas federacións o 31 de marzo de 2017, téndose presentado alegacións por ambas federacións.

Do estudo das alegacións presentadas, e logo de 5 anos de negociacións, as posturas mantidas permanecen alonxadas, impedindo a pretendida unificación de mutuo acordo.

CUARTO. O 27 de decembro de 2016, a Federación Galega de Fútbol, presentou escrito solicitando a desinscrición da federación galega de Fútbol sala, (número de inscrición 5242) no Rexistro de Entidades Deportivas e a conseguinte integración do fútbol sala na citada federación.

QUINTO. O 4 de maio de 2017, a Secretaría Xeral para o Deporte deu traslado á Federación Galega de Fútbol Sala da solicitude presentada pola Federación Galega de Fútbol, concedendo o trámite de alegacións por un período de dez días.

Este escrito foi notificado o 11 de maio de 2017, segundo consta no xustificante de recibo emitido polo servizo de Correos.

SEXTO. O 8 de maio de 2017, a Federación Galega de Fútbol presentou escrito ante a Secretaría Xeral para o Deporte no que comunica “*la denuncia expresa por parte de la Federación Gallega de Fútbol a la prórroga del citado convenio el cual, en consecuencia, dejará de surtir efectos el 30 de junio de 2017, coincidiendo con el final de la temporada futbolística 2016/17*”.

SETIMO. O 11 de maio de 2017, a Secretaría Xeral para o Deporte remite o novo escrito á Federación Galega de Fútbol Sala dando traslado do escrito de denuncia do convenio e concedendo un prazo de dez días para formular alegacións.

Este escrito foi notificado o 15 de maio de 2017, segundo consta no xustificante de recibo emitido polo servizo de Correos.

OITAVO. O 25 de maio de 2017, a Federación Galega de Fútbol Sala presenta escrito dno que alega, en síntese, que:

- Trámite de iniciación do procedemento inadecuado.
- Inadecuación do procedemento.
- Ausencia de circunstancias habilitantes.
- Indefensión dos integrantes da Federación Galega de Fútbol Sala.
- Contravención dos actos propios e mala fe por parte da Federación Galega de Fútbol.
- Confusión dos termos do convenio pola Federación Galega de Fútbol.
- Solicita a práctica de proba testifical e documental.

NOVENO. O 5 de xuño de 2017, o subdirector xeral de Plans e Programas da Secretaría xeral para o Deporte emite proposta de resolución, que foi notificada a ambas federacións .

DECIMO. A Federación Galega de Fútbol presenta escrito de alegacións contra a proposta de resolución no que alega en síntese que:



- Valoración positiva da proposta de resolución.
- Beneficios para o deporte relativos a licenzas, seleccións galegas, campionatos de España de seleccións e de clubs, eventos nacionais e internacionais, proxección de xogadores, adestradores e árbitros.
- Integración do persoal que teña relación contractual coa Federación Galega de Fútbol Sala, con data anterior a 27 de decembro de 2016, na Federación Galega de Fútbol.
- Atribución aos asembleístas da especialidade de fútbol sala das propostas técnicas e específicas relacionadas con esta especialidade: Normas reguladoras das competicións a nivel autonómico; plan anual de competicións a nivel autonómico, provincial e local; normativa de competición.
- Comité de Fútbol sala, integrado por persoas que representen a totalidade do fútbol sala.
- Acceso as bases de datos dos deportistas para a tramitación de licenzas

DECIMOPRIMEIRO. A Federación Galega de Fútbol Sala presenta escrito no que reitera as alegacións contidas no seu anterior escrito do 25 de maio de 2017:

- Trámite de iniciación do procedemento inadecuado.
- Inadecuación do procedemento.
- Ausencia de circunstancias habilitantes.
- Indefensión dos integrantes da Federación Galega de Fútbol Sala.
- Contravención dos actos propios e mala fe por parte da Federación Galega de Fútbol.
- Confusión dos termos do convenio pola Federación Galega de Fútbol.
- Rexeite da inadmisión da práctica de proba testifical e documental.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS



PRIMEIRA. A tramitación do procedemento lévase a cabo de acordo co disposto na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa de xeral aplicación.

SEGUNDA. A competencia para a resolución deste procedemento correspóndelle a Secretaría Xeral para o deporte, segundo o disposto no artigo 5.1.k), artigo 17.1, artigo 54.1 e 8 e o artigo 64 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia, que establece que corresponde á Administración autonómica recoñecer e cualificar novas modalidades e especialidades deportivas, así como establecer os criterios e requisitos para o seu recoñecemento.

TERCEIRA. No que respecta ás alegacións presentadas pola Federación Galega de Fútbol (no sucesivo FGF) no seu escrito, cómpre facer as seguintes valoracións:

O escrito de alegacións formulado pola FGF se pode analizar en dous niveis.

En primeiro lugar, manifesta a súa conformidade co contido da proposta de resolución, polo que pouco temos que sinalar respecto a esta alegación.

O resto do contido do seu escrito contempla unha serie de compromisos ou manifestacións de vontade da FGF, que non tendo a consideración de alegacións, si deben ser obxecto, cando menos, dunha valoración:

- **Beneficios para o deporte relativos a licenzas, seleccións galegas, campionatos de España de seleccións e de clubs, eventos nacionais e internacionais, proxección de xogadores, adestradores e árbitros.**

A FGF indica que a integración do fútbol sala “*beneficiará principalmente aos deportistas de base, competicións, seleccións galegas, estamento arbitral, así como na organización de eventos deportivos*”.

Como xa se indicaba na proposta de resolución, á extinción do convenio asinado no ano 2012 entre a FGF e a FGFS, supón que os practicantes da especialidade do fútbol sala, no caso de non integración, terían que soportar unha serie de prexuízos que dificultarían e impedirían en moitos casos o desenvolvemento e proxección destes deportistas, poñendo de manifesto o es-



crito da FGF as vantaxes que para o interese xeral conleva a integración do fútbol sala na FGF:

- Elimínanse as disfuncións e ineficiencias para os deportistas derivadas da duplicidade de licenzas, seleccións autonómicas e nacionais, etc. No seu escrito, a FGF sinala que coa integración, os deportistas galegos poderán simultanear a práctica do fútbol e do fútbol sala nas diferentes categorías autonómicas, poderán ser convocados nas diferentes seleccións autonómicas para participar nos campionatos de España organizados pola Real Federación Española de Fútbol(de seguido, RFEF).
- Habilitaría que as/os xogadoras/es galegos que actualmente teñen unha licenza da Federación Galega de Fútbol Sala ao pasar a ter unha licenza recoñecida pola RFEF poderían formar parte das distintas Seleccións Nacionais que dependen da RFEF.
- Permitiría que os equipos galegos que queden campións galegos poderían disputar os campionatos de España de clubs en diferentes categorías organizados pola RFEF
- Permitiría organizar competicións oficiais estatais de fútbol sala e participar nelas ao estar incluída na Real Federación Española de Fútbol.
- Consecución de axudas para o fútbol sala que podería outorgar a Real Federación Española de Fútbol ao estar integrada na Federación Galega de Fútbol.
- Unha maior proxección do estamento arbitral

Coa integración do fútbol sala na FGF evitarase un grave prexuízo na carreira deportiva dos practicantes do fútbol sala a nivel federado, pois deste xeito terán ter abertas todas as vías de proxección deportiva profesional, producindo unha clara situación de igualdade con outros practicantes do territorio nacional.

Neste caso, como xa se indicou, debe primar o interese xeral da actividade deportiva e dos practicantes para que poidan desenvolver esta práctica en plenitude de dereitos e condicións e que esta non se vexa lastrada por situacións administrativas alleas ao que é esa actividade, plenitude que unicamente se conseguirá coa integración do fútbol sala na federación galega de fútbol.

En calquera caso, a situación actual pendía única e exclusivamente dun convenio que tiña data de obxectivo a tempada 2013/14. O interese xeral, manifestado nese convenio, era conseguir a unificación das dúas federacións á vista da situación desta especialidade en toda España. O convenio, no seu expoñendo primeiro ven a recoñecer que no ámbito estatal e en varias comu-



nidades autónomas o fútbol sala é unha especialidade deportiva, namentres que en Galicia tiña a consideración de modalidade deportiva, situación que “*provoca que los sujetos de la práctica deportiva del fútbol sala domiciliados en Galicia se rijan por una normativa diferente según que participen en competiciones oficiales de ámbito estatal...o en competiciones oficiales de ámbito autonómico..*”

- **Integración do persoal que teña relación contractual coa Federación Galega de Fútbol Sala, con data anterior a 27 de decembro de 2016, na Federación Galega de Fútbol.**

Este compromiso da FGF, valorase positivamente desde esta Secretaría Xeral para o Deporte, pois en base ao escrito, todo aquel persoal da FGFS con contrato en vigor antes da data do 27 de decembro de 2016 (data na que a Federación Galega de Fútbol, presentou escrito solicitando a desinscrición da federación galega de Fútbol sala, e a integración do fútbol sala na citada federación) e que voluntariamente o solicite, será subrogado pola FGF.

- **Outras alegacións**

Tamén se valora positivamente o compromiso da FGF de atribución aos assembleístas da especialidade de fútbol sala da competencia para a aprobación das propostas técnicas e específicas relacionadas con esta especialidade (normas reguladoras das competicións a nivel autonómico; plan anual de competicións a nivel autonómico, provincial e local; normativa de competición.) e na composición do Comité de Fútbol Sala, integrado por persoas que representen a totalidade do fútbol sala.

- **Acceso ás bases de datos dos deportistas para a tramitación de licenzas**

Por último, a FGF solicita acceso aos datos relativos aos practicantes do fútbol sala. Coa integración do fútbol sala na FGF, corresponderá a esta federación a asunción das funcións delegadas establecidas na Lei do Deporte de Galicia:

Artigo 56. Funcións

4. Son funcións públicas delegadas, e exerceranse en réxime de exclusividade polas federacións deportivas galegas, as seguintes:

- a) Representar a Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas da súa modalidade, consonte a normativa que lle sexa aplicable.*
- b) Organizar as competicións oficiais autonómicas federadas.*
- c) Expedir licenzas deportivas para a práctica da súa modalidade deportiva nos termos establecidos nesta lei.*



d) Asignar as subvencións e as axudas de carácter público concedidas a través da federación e controlar que os seus asociados lles dean unha correcta aplicación.

e) Garantir o cumprimento das normas de réxime electoral nos procesos de elección dos seus órganos representativos e de goberno, así como dos demais dereitos e obrigas derivados do cumprimento dos seus respectivos estatutos.

f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos por esta lei e polas súas disposicións de desenvolvemento, de acordo cos seus respectivos estatutos e regulamentos.

g) Executar, de ser o caso, as resolucións do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

h) Colaborar coas administracións públicas competentes na prevención, no control e na represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos, así como na prevención da violencia no deporte. Para estes efectos, e entre outras accións, as federacións deportivas galegas instruirán e resolverán os expedientes sancionadores que no ámbito da dopaxe se substancien, consonte o establecido no título VIII desta lei.

Deste xeito, a FGFS, respectando a normativa de protección de datos, deberá facilitar e trasladar todos os expedientes, datos e informes, dos que dispoña no exercizo desa función delegada, a esta Secretaría Xeral para o Deporte para que esta poida dar traslado a FGF co fin poder exercer en plenitude as funcións delegadas pola administración

CUARTA. Respecto das alegacións presentadas pola Federación Galega de Fútbol Sala, damos por reproducidas as consideracións legais e técnicas contidas na proposta de resolución

Non obstante, e dada a importancia do asunto a tratar e que son moitas as cuestións a resolver no presente procedemento, analizaremos cada un dos aspectos que fundamentarán a presente resolución, mediante a análise da documentación obrante no expediente así como das alegacións formuladas pola Federación Galega de Fútbol Sala:

a) Trámite de iniciación do procedemento

Esta alegación xa foi abordada na proposta de resolución, polo que reiteramos as consideracións legais e técnicas contidas nese documento, sen prexuízo de dar resposta as cuestións novedosas que se plantexan.

A Federación Galega de Fútbol Sala (no sucesivo FGFS) volve a incidir en que a solicitude da FGF ao terse presentado a través dun rexistro físico, deberá considerarse non presentada



por incumprimento do disposto no artigo 14.2 e artigo 16.8 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Esta alegación non pode ser aceptada, toda vez que a teoría da nulidade dos actos administrativos por defectos formais produce os seus efectos no dereito administrativo español só cando se produce unha inexistencia de procedemento ou se lesiona un trámite esencial deste que constitúe o contido mínimo e irredutible do procedemento dunha forma clara, manifesta e ostensible.

Os defectos formais, só determinan a anulabilidade cando os actos carezan dos requisitos formais indispensables para conseguir a súa finalidade ou dean lugar á indefensión dos interesados, de xeito tal que, o resto das irregularidades procedimentais, constitúen pequenas anomalías no contido do acto administrativo ou, a miúdo, no procedemento que leva á súa aprobación, que teñen tan escasa relevancia como para non producir o efecto da invalidación, nin sequera por mera anulabilidade.

Unha reiterada xurisprudencia dos nosos tribunais considera que os requisitos formais, en si mesmos, non son un fin ao que haxa que dirixirse, se non que, polo contrario, non son mais que instrumentos a través dos que acadar fins de carácter superior protexidos polo ordenamento xurídico como piares básicos deste, de forma tal que non só baste a constatación de defectos formais, se non que resulta necesario que estes sexan de tal natureza que impidan ó acto administrativo alcanzar a finalidade para o que foi concebido ou lesionen real e materialmente o principio fundamental de defensa ou defensa efectiva (entre outras, Tribunal Supremo 14/11/97; 13/02/98), situacións que non concorren no presente caso.

A esta argumentación, temos que engadir que coa publicación da Orde do 4 de maio de 2017, conxunta da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda, pola que se aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (DOG nº 87, luns 8 de maio de 2017) se habilitou a posibilidade de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións naqueles supostos que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, posibilitando a realización de calquera trámite administrativo de forma electrónica nos casos de suxeitos obrigados a relacionarse por medios electrónicos coas administracións públicas, e tamén para os casos daquelas persoas físicas que non estean obri-



gadas a relacionarse electronicamente coa Administración e que opten por empregar esta vía (artigo 2 da citada orde).

Polo tanto, non é ata o 8 de maio de 2017 cando existe un sistema de presentación electrónica para casos ou procedementos como o que nos ocupa, sen que poida imputárselle a calquera entidade xurídica un defecto de suposta nulidade por presentación física, cando non existía esa posibilidade ata a citada data. Os escritos de alegacións formulados pola FGFS tanto na fase de audiencia como na fase de alegacións á proposta de resolución foron presentados acolléndose a este novo sistema (código de procedemento PR004A).

A FGFS pretende facer recaer sobre o administrado, neste caso a FGF, a grave consecuencia negativa de non dar validez ao escrito presentado por rexistro ordinario, cando esa era a única opción da que naquel momento (27 de decembro de 2016) dispoñía como consecuencia de actuación tardía da Administración autonómica na implementación dos medios que fixesen posible a presentación electrónica.

O espírito do lexislador cando dispón no artigo 14 a obriga de relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas para determinados suxeitos (entre eles, as federacións) non pode ser impedir o exercicio dos seus dereitos a eses suxeitos cando estes medios aínda non foron habilitados.

Admitir a solicitude de inicio do procedemento presentada pola FGF en rexistro físico non supuxo para a FGFS unha diminución nos seus dereitos e con todo, a seu inadmisión, polas razóns expostas, sería contraria a dereito por facer recaer sobre o administrado (a FGF) os efectos dunha situación só imputable á administración.

Tampouco era viable no seu día (decembro de 2016) facer un requirimento á Federación Galega de Fútbol para a presentación da súa solicitude por medios electrónicos, pois isto non foi posible ata o 8 de maio de 2017 en que se publicou no DOG a Orde do 4 de maio de 2017 conxunta de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, administracións públicas e Xustiza e da Consellería de Facenda pola que se aprobou a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado.

En definitiva, non cabe pretender, como manifesta o interesado nas súas alegacións, que o exercicio dos dereitos dos suxeitos obrigados a relacionarse coa administración por medios



electrónicos quede suspendido desde a entrada en vigor do disposto no artigo 14 da lei 39/2015 (2 de outubro 2015) ata que sexa tecnicamente posible a presentación por medios electrónicos (neste caso, 8 de maio de 2017).

b) Inadecuación do procedemento.

Esta alegación tamén foi abordada na proposta de resolución, polo que reiteramos as consideracións legais e técnicas contidas nese documento, sen prexuízo de dar resposta ás cuestións novidasas que se plantexan.

A lei 3/2012 do deporte de Galicia prevé expresamente no seu artigo 64 a revogación do recoñecemento de federacións deportivas para os casos en que non cumpran os requisitos establecidos na presente lei e que xustificaron o seu recoñecemento oficial.

A FGFS nas súas alegacións invoca a aplicación do procedemento de revisión de oficio a instancia de parte interesada regulado na Lei 6/2001, e supletoriamente na Lei 39/2015 (artigos 106 e seguintes) pola concorrencia de causa de nulidade por tratarse dun acto ditado “*prescindindo total e absolutamente do procedemento establecido*”.

Á vista da argumentación do escrito do interesado parece deducirse que cando a lei do deporte recolleu o suposto da revogación do recoñecemento de federacións deportivas no seu artigo 64, non existía o procedemento de revisión de oficio dos actos nulos que invoca no seu escrito, o cal evidentemente non é así.

Non é necesario facer ningún esforzo interpretativo para entender que o suposto de revogación de recoñecemento de federacións deportivas non está vinculado á concorrencia dunha causa de nulidade que lle sirva de fundamento senón simplemente a que “*non se cumpran os requisitos establecidos na presente lei e que xustificaron o seu recoñecemento oficial*”.

Iso é precisamente o que acontece neste suposto no que, despois de varios pronunciamentos xudiciais, quedou constancia, de forma sobrevida, de que non se cumpre un dos requisitos esenciais que xustifiquen a existencia da FGFS sala e que non é outro que o requisito recollido no artigo 54.4 da lei /2012 do deporte de Galicia que dispón que:

4. A autorización da constitución dunha federación deportiva esixe, con carácter previo, que a Administración deportiva recoñeza a existencia dunha modalidade deportiva nos termos da presente lei.

Constatado este feito, estamos ante o suposto expresamente regulado no citado artigo 64 da Lei do Deporte sendo o procedente a revogación do recoñecemento da federación de fútbol sala.

Evidentemente, o artigo 64 da Lei do Deporte cando sinala que “*A revogación tramitarase e resolverá pola Administración deportiva de Galicia. O procedemento de revogación iniciárase de oficio ou a instancia de parte interesada, e deberase dar audiencia á federación respectiva*” non fai unha regulación detallada do procedemento administrativo a seguir para a revogación do recoñecemento dunha federación deportiva, o que nos leva a aplicar o procedemento administrativo común, que é o que se fixo no presente caso.

O que desde logo non di o artigo 64 da Lei do Deporte é que para revogar o recoñecemento dunha federación deportiva que xa non cumpre un dos requisitos establecidos na Lei do Deporte que xustifican o seu recoñecemento como tal, haxa que tramitar unha revisión de oficio.

c) Indefensión respecto dos integrantes da FGFS

Para manter a coherencia e a orde establecida na proposta de resolución, analizaremos agora a alegación formulada pola FGFS de afección a dereitos e intereses lexítimos dos titulares de licenzas federativas por falta de notificación individualizada aos titulares desas licenzas.

Neste punto, damos por reproducidas igualmente as consideracións legais e técnicas contidas na proposta de resolución, e analizaremos as cuestións novidosas formuladas.

Respecto de que lle sexa recoñecida a condición de interesado aos clubs, deportistas, adestradores e árbitros no presente procedemento, cómpre referirse, en primeiro lugar, ao disposto no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que define o concepto de interesado dispoñendo que:

“1. Considéranse interesados no procedemento administrativo:

- a) Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.*
- b) Os que, sen ter iniciado o procedemento, teñan dereitos que podan resultar afectados pola decisión que no mesmo se adopte.*
- c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, podan resultar afectados pola resolución e se persoen no procedemento en tanto no recaera resolución definitiva.*



2.As asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais serán titulares de intereses lexítimos colectivos nos termos que a Lei reconeña.”

As federacións deportivas galegas están recoñecidas no artigo 51.1 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia do Deporte de Galicia como as persoas xurídicas nas que se integran os clubs, as seccións deportivas, os deportistas, os técnicos, os xuíces, os árbitros e outros colectivos interesados.

O artigo 56 da lei do deporte establece as funcións das federacións regulando unha serie de funcións concretas, unha serie de funcións delegadas e contempla unha remisión aos estatutos.

Os estatutos da FGFS recollen nos seus artigo 6, 7 e 9 a integracións de clubs, deportistas, adestradores e árbitros baixo a súa tutela:

Artigo 6º

Os clubs deportivos poderán integrarse, por petición propia, na Federación Galega de Fútbol Sala sempre que teñan o seu domicilio social e desempeñen a súa actividade en Galicia e se atopen constituídos conforme os requisitos esixidos para cada modalidade pola lexislación vixente e inscritos no Rexistro de Clubs, Federacións e Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia, debendo comprometerse a cumprirlos estatutos e regulamentos da Federación Galega de Fútbol Sala e someterse á autoridade dos órganos federativos, en relación coas materias da súa competencia.

Os mesmos criterios e requisitos no que sexa de aplicación, rexerán para a integración na Federación Galega de Fútbol Sala dos deportistas, adestradores, e árbitros.

Artigo 7º

A integración na Federación Galega de Fútbol Sala comportará a integración automática e para tódolos efectos nas entidades en que aquela pola súa parte, se integre.

Artigo 9º Estatutos

Tódolos membros da Federación Galega de Fútbol Sala teñen dereito a recibila tutela desta con respecto ós seus intereses deportivos comúns e individuais, así como o de participaren nas súas actividades e no funcionamento dos seus órganos, de acordo cos presentes estatutos e cos regulamentos internos daquela

A esta regulación, temos que engadir a obriga legal de afiliación á federación para poder participar en competicións oficiais e federadas:

Artigo 48. Afiliación ás federacións deportivas galegas.



1. Para participar en competicións federadas os clubs deberán inscribirse nas federacións deportivas galegas correspondentes.

2. As federacións deportivas galegas esixiranlles aos clubs que desexen afiliarse a elas a súa inscrición previa no Rexistro de Entidades Deportivas, sen prexuízo dos demais requisitos que federativamente lles correspondan.

No presente procedemento, a FGFS, como organización representativa dos intereses deportivos do fútbol sala, non está actuando na defensa de intereses colectivos dos seus membros, senon en defensa dos intereses propios da organización como estrutura diferenciada dos seus membros.

Para poder admitir a condición de interesado dun club, deportistas, adestrador ou árbitro, tería que acreditarse que a resolución que se dita afecta aos seus dereitos e intereses lexítimos, o que non acontece neste caso, pois eses dereitos e intereses non resultarán afectados, toda vez que a decisión non afectará nin a validez das licenzas, nin da antigüidade do club, nin aos seus dereitos de representación e participación, nin as normas e regras de xogo. Antes ben ao contrario, con este procedemento, como xa se sinalou, se analizan intereses propios da organización (a FGFS) como estrutura diferenciada dos seus membros, tendo a condición de interesado unicamente a FGFS que ostenta as funcións de organización. Todos os estamentos do fútbol sala poderán seguir desempeñando a súa actividade deportiva nas mesmas condicións e con maiores dereitos e posibilidades, co único cambio de que en vez de que o organice unha federación o organiza outra.

A xurisprudencia do Tribunal Supremo ven determinando que nestes casos, a defensa dos intereses propios da organización como estrutura diferenciada dos seus membros corresponde a esa organización. O emprego da personalidade xurídica e a integración nela supón a cesión por parte dos integrantes dos poderes para a xestión dos intereses comúns e, como neste caso, para a organización dunha actividade deportiva. Producida a integración, a defensa dos intereses da organización debe corresponder en exclusiva aos órganos de goberno de aquela, os que deberán decidir sobre a adopción das medidas que consideren oportunas, acordo tomado polos órganos de goberno consonte aos estatutos. Ningún membro, de forma illada dos órganos da organización á que pertence, pode nomearse unilateralmente como defensor dos intereses da persoa xurídica, sen prexuízo da acción de responsabilidade que poida exercer ese membro contra os responsables da organización. Así, a sentenza do Tribunal Supremo do 30 de xaneiro de 2007 indica:



“A la vista de lo expuesto esta Sala considera que no concurre un interés legítimo y directo por parte de la demandante en orden a los concretos pedimentos que formula en este recurso respecto de la Orden impugnada y subsiguientes actos de adjudicación y afectación derivados de la misma; su legitimación es indirecta y consecuencia de la que se hubiera de reconocer a la Sociedad Estatal de la que es accionista.

Si la Orden de 14 de junio de 1995, disponiendo la incorporación al Patrimonio del Estado de dos inmuebles que pertenecían a la Organización de Trabajos Portuarios, era contraria al Real Decreto-Ley de 1986, por cuanto tenían que haber sido incorporados a la sociedad Estatal de Estiba y Desestiba, a ésta correspondía haberle reclamado en el momento de su constitución, lo que no hizo y pareció aquietarse al aceptar que el Estado sólo aportara 25 millones de pesetas, como hizo posteriormente la Autoridad Portuaria de Santa Cruz de Tenerife.

Procede por ello declarar la inadmisibilidad del recurso con base en el art. 69 b) de la LJCA, por falta de legitimación de la recurrente”. (fundamento de derecho tercero).

Tiene razón la Sentencia impugnada. El interés indirecto de la actora en tanto que accionista de la Sociedad Estatal de Estiba y Desestiba del Puerto de Santa Cruz de Tenerife, SA, en que los inmuebles litigiosos se integrasen en el patrimonio de la citada sociedad no es suficiente para otorgar a la actora legitimación para impugnar los actos objeto del procedimiento de instancia. No puede negarse que, dentro de la amplia concepción de interés legítimo que ha impuesto el texto constitucional, dicho interés indirecto ofrece en apariencia diversas razones como para justificar la legitimación de la actora, puesto que podría admitirse que, en principio, la integración de tales inmuebles en el patrimonio de una sociedad de la que la recurrente es accionista principal redundaría en beneficio de sus propios intereses económicos.

Sin embargo, ha de tenerse en cuenta que a quien beneficia directamente la incorporación de dichos bienes en el patrimonio de la Sociedad de Estiba y Desestiba del Puerto de Santa Cruz de Tenerife, SA, es a ésta misma, como es obvio, y que dicha sociedad tiene sus propios mecanismos de toma de acuerdos para decidir si recurrir o no. Resulta por ello difícil de admitir que otro sujeto con intereses indirectos y derivados de los propios de dicha sociedad tuviera capacidad para recurrir cualquier acto que afectase a aquélla con independencia de la decisión que la propia Sociedad de Estiba y Desestiba del Puerto de Santa Cruz de Tenerife, SA, pudiera adoptar. Ello llevaría a la posibilidad de una actuación contraria a los intereses del sujeto afectado directamente por parte de alguien cuya legitimación deriva de la de dicho sujeto, abriendo con ello la posibilidad de una actuación procesal paralela y contradictoria de una sociedad accionarial y de sus accionistas, ambos en defensa aparente de los intereses de dicha sociedad.

No por ello quedan sin protección los intereses de los accionistas -en tanto que tales- en los supuestos, como el de autos, en los que entiendan que los intereses de la sociedad -e, indirectamente, los suyos propios- requieren el ejercicio de una determinada acción procesal, ya que siempre podrían instar por los cauces societarios internos la actuación de la sociedad que entiendan más adecuada. Y, en su caso, siempre podrán ejercer la acción de responsabilidad contra los administradores por los perjuicios causados a la sociedad por su actuación carente de la debida diligencia en la protección de los intereses de la misma (artículos 130 y ss. de la Ley de Sociedades Anónimas). Pero tal como hemos indicado ya, no puede admitirse que por la



vía de reconocer una legitimación indirecta a los accionistas en defensa de intereses que lo son primeramente de la sociedad accionarial (como sucede en el caso presente en el que se dilucida la incorporación al patrimonio de una sociedad de determinados bienes), se abra paso a una actuación procesal doble y contradictoria en defensa de tales intereses.

Por análogas razones, desestimamos también el recurso de casación interpuesto por la Asociación de Empresas Estibadoras del Puerto de Santa Cruz de Tenerife frente a la Sentencia de instancia que le negaba igualmente legitimación para recurrir la Orden Ministerial de 14 de junio de 1995, Asociación que pretendía defender los intereses de la Sociedad de Estiba y Desestiba del Puerto de Santa Cruz de Tenerife, SA En aquella ocasión (Sentencia de 7 de junio de 2006 RC 7.978/2003) dijimos:

"[...] La legitimación de la parte actora, que se subordina en la dicción del artículo 19.1 a) de la Ley reguladora de la jurisdicción Contencioso-Administrativa a ostentar un derecho o interés legítimo, que le faculta para acceder al proceso en demanda de protección de los derechos e intereses legítimos sin sufrir indefensión, en el proceso Contencioso-Administrativo, desde la perspectiva subjetiva, constituye esencialmente un instrumento orientado a satisfacer el restablecimiento de la lesión jurídica que ha sufrido el particular en sus derechos e intereses legítimos por la actuación de la Administración, cuyo presupuesto aplicativo no concurre en este supuesto en que la Asociación de Empresas Estibadoras del Puerto de Santa Cruz de Tenerife, promueve la salvaguarda de derechos de los que no es titular al corresponder en su caso, la acción procesal a la Sociedad Estatal de Estiba y Desestiba del Puerto de Santa Cruz de Tenerife, que es la Entidad que resultaría beneficiaria de estimarse las pretensiones deducidas en este proceso jurisdiccional. [...]"

Como sinalabamos tamén na proposta de resolución, a Lei do Deporte de Galicia recolle expresamente no seu artigo 51.1 parágrafo segundo que:

“Nas federacións intégranse os clubs, as seccións deportivas, os deportistas, os técnicos, os xuíces, os árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos”

Nos anos de existencia da FGFS, esta administración sempre se dirixiu a esa e outras federacións como representantes e integradores de todos os estamentos que conformaban, naquel momento, esa práctica deportiva. Así, cando se elaboraron normas que afectaban aos distintos estamentos desa FGFS, como a orde de elección ou a Lei do Deporte, consultoulle e déuselle trámite de audiencia á FGFS para o seu estudo, debate, análise e formulación de propostas e alegacións, pois é a esa federación a quen lle correspondía preservar os intereses dos estamentos do fútbol sala. Iso obedece a unha clara razón, pois o interlocutor e o representante de todos os estamentos do fútbol sala é esa federación, toda vez que forman parte dos órganos de goberno desa federación en base aos principios de representación e participación democrática (artigo 53.1 Lei do Deporte).

Se esa FGFS consideraba necesario que todos e cada un dos aproximadamente 26.000 titulares de licenzas deberían ter opinado sobre o obxecto deste procedemento, o que tería que ter feito e, en base aos seus estatutos e funcións atribuídas, facer o que lle está pedindo agora a administración. Se non o fixo, será en todo caso unha cuestión que os integrantes da actual FGFS terán que reclamarlles como máximo representante.

Cando a través dunha lei se determina a existencia dunha entidade asociativa na que se integran outras entidades ou persoas físicas e se lle atribúe esa función de interlocución coa administración, a administración debe relacionarse con esta, e esta cos seus integrantes, pois senón iríamos cara ao absurdo de que en todas as organizacións de carácter asociativo, a administración tería que dirixirse en todos os procedementos a cada un dos integrantes da mesma, o que iría en contra do principio de eficacia e eficiencia e deixaría sen efectos a figura do representante ou interlocutor, por iso nestes casos se da a figura da audiencia corporativa para estas entidades

Esta alegación non debe considerarse mais que como un intento de obstrución do procedemento, pois de acceder ao solicitado, levaríanos a non poder tramitar o procedemento, pois a notificación a preto de 26.000 persoas, mais as persoas xurídicas, todas e cada unha delas con enderezos e circunstancias variadas, farían inviable a súa resolución ou cando menos prolongarían unha situación que xa leva cinco anos sen solventarse por falta de acordo entre as partes.

d)Contravención dos actos propios e mala fe por parte da Federación Galega de Fútbol.

Polo que atinxe a alegación da aplicación da doutrina dos actos propios no presente procedemento, temos que sinalar que esta doutrina non é aplicable nas actuacións levadas a cabo pola FGF, toda vez que esta presentou en dous momentos distintos, pero non contrarios, a solicitude de desinscrición e a denuncia do convenio.

En ningún caso existe unha obriga ou limitación a presentar antes da solicitude de desinscrición a denuncia do convenio. Neste caso, consideramos que os tempos seguidos pola FGF non incumpren nin vulneran ningún principio xurídico, pois inicialmente plantexou a desinscrición, ao mesmo tempo que se estaba traballando nunha liña de consenso e acordo de integración ou unificación de ambas federacións, respectando a vixencia do convenio para garantir o desenvolvemento das competicións da tempada 2016/17.



Reiteramos que o feito de ter presentado a desinscrición da FGFS antes que a denuncia do convenio, non supón ir contra os propios actos da FGF, pois a denuncia se realizou dentro do prazo contido na estipulación primeira do convenio, que establecía que a vixencia do convenio sería ata o 30 de xuño de 2013, prorrogándose por sucesivos períodos anuais desde o 1 de xullo ata o 30 de xuño do ano seguinte, salvo notificación en contrario por algunha das partes producida alomenos cun mes de antelación ao respectivo vencemento.

Polo tanto, a FGF fixo uso do dereito contido no convenio, denunciando en prazo e conforme o previsto a vixencia do convenio. Non pode entenderse en ningún caso que non ter denunciado o convenio antes da data que o fixo a FGF supón ir contra os propios actos ao ter solicitada a desinscrición.

A maiores, temos que sinalar que o obxecto do convenio era garantir o desenvolvemento do fútbol sala, asimilando as licencias da FGFS como propias da FGF, polo que a desinscrición e o convenio teñen tempos distintos e obxectos distintos, aínda que neste momento do procedemento vaian a ser tratados de xeito unitario.

A sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo de 18 de outubro de 2012 realiza unha análise da doutrina dos actos propios que é de interese reproducir neste momento, e que xa como primeira análise plantexa a dúbida da aplicación a entidades privadas esa doutrina dos actos propios. Esta sentenza ven a sinalar que:

“Al respecto, resulta oportuno recordar que, en relación con el principio de actos propios, en la sentencia de esta Sala de 5 de enero de 1999 dijimos:

« [...] En la S.T.C. de 21 de abril de 1988, nº 73/1988 , se afirma que la llamada doctrina de los actos propios o regla que decreta la inadmisibilidad de venire contra factum proprium surgida originariamente en el ámbito del Derecho privado, significa la vinculación del autor de una declaración de voluntad generalmente de carácter tácito al sentido objetivo de la misma y la imposibilidad de adoptar después un comportamiento contradictorio, lo que encuentra su fundamento último en la protección que objetivamente requiere la confianza que fundadamente se puede haber depositado en el comportamiento ajeno y la regla de la buena fe que impone el deber de coherencia en el comportamiento y limita por ello el ejercicio de los derechos objetivos. El principio de protección de la confianza legítima ha sido acogido igualmente por la jurisprudencia de esta Sala del Tribunal Supremo (entre otras, en las sentencias de 1 de febrero de 1990 (fº.jº. 1 º y 2º), 13 de febrero de 1992 (fº.jº. 4 º), 17 de febrero , 5 de junio y 28 de julio de 1997 ...

Por una parte, el principio de buena fe, aplicado por la jurisprudencia contencioso-administrativa incluso antes de su recepción por el título preliminar del Código Civil. Por otra, el principio, bien conocido en el derecho procedimental administrativo europeo y también recogido por la jurisprudencia contencioso-admi-



nistrativa, de la confianza legítima de los ciudadanos en que la actuación de las Administraciones Públicas no puede ser alterada arbitrariamente ».

Y en la sentencia de esta Sala de 16 de septiembre de 2002 (RC 7242/1997), se afirma:

« Además, la doctrina invocada de los “actos propios” sin la limitación que acaba de exponerse podría introducir en el ámbito de las relaciones de Derecho público el principio de la autonomía de la voluntad como método ordenador de materias reguladas por normas de naturaleza imperativa, en las que prevalece el interés público salvaguardado por el principio de legalidad; principio que resultaría conculcado si se diera validez a una actuación de la Administración contraria al ordenamiento jurídico por el sólo hecho de que así se ha decidido por la Administración o porque responde a un precedente de ésta. Una cosa es la irrevocabilidad de los propios actos que sean realmente declarativos de derechos fuera de los cauces de revisión establecidos en la Ley (arts. 109 y 110 de la Ley de Procedimiento Administrativo de 1958 , 102 y 103 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común, Ley 30/1992 , modificada por Ley 4/1999), y otra el respeto a la confianza legítima generada por actuación propia que necesariamente ha de proyectarse al ámbito de la discrecionalidad o de la autonomía, no al de los aspectos reglados o exigencias normativas frente a las que, en el Derecho Administrativo, no puede prevalecer lo resuelto en acto o en precedente que fuera contrario a aquéllos ».

Polo tanto, neste procedemento non existiu un comportamento contraditorio, pois a FGF respectou os prazos de vixencia do convenio permitindo o desenvolvemento normal das competicións e a denuncia exerceuna en base a unha previsión contida nas estipulacións do convenio, e por outra banda, presentou o escrito de desinscrición, revogación de recoñecemento e análise da condición de especialidade/modalidade do fútbol, en base ás posibilidades contempladas na lei.

Non pode existir contradición entre actos cando estes teñen un obxecto e unha regulación distinta, sen que se teña vulnerado neste caso, o fundamento último que obxectivamente require a confianza que se puidera ter depositada no actuar dos interesados no procedemento, respectándose en todo caso, a regra da boa fe ao manter e respectar o convenio segundo as estipulacións deste.

Por último, a FGFS reitera nesta alegación a denuncia pola realización de xuntanzas levadas a cabo pola FGF con clubs de fútbol sala, dando por suposta a resolución desta Secretaría Xeral.

Sobre esta cuestión, simplemente indicar que non corresponde a esta Secretaría Xeral para o Deporte entrar a valorar con quen e cando se reúne algunha das cincuenta federacións deportivas galegas. Esta é unha cuestión que entra dentro da esfera privada das persoas xurídicas, no exercicio do dereito de reunión que ademais está recollido e recoñecido na nosa Carta Magna

no seu artigo 21 e na Lei Orgánica 9/1983, de 15 de xullo, reguladora do dereito de reunión, non podendo prohibirse deste esta administración a celebración desas xuntanzas, que, se supón serán de asistencia voluntaria, sen que se tivera constancia que por parte da FGF se estén usurpando atribucións no campo de fútbol sala.

e) Confusión pola Federación Galega de Fútbol dos termos do convenio.

O artigo 64 da Lei do Deporte regula a revogación do recoñecemento de federacións deportivas para os casos en que non cumpran os requisitos establecidos na presente lei e que xustificaron o seu recoñecemento oficial e iso é exactamente o que ocorre neste caso.

Non se nega que ata agora a FGFS contase coa condición de federación, pois precisamente do que se trata é de revogar ese recoñecemento, o que implica que pasa a formar parte da FGF (intégrase) como ESPECIALIDADE; nin é absorción, nin é liquidación, trátase dunha revogación do seu recoñecemento de federación coa consecuencia da súa integración como especialidade na federación de fútbol.

Cando o convenio sinala “ *en el ámbito estatal y en otras CC.AA. el fútbol sala está reconocido como mera especialidad de la modalidad principal fútbol* ” ; Expoñendo IV: “ *...sus respectivos presidentes han mantenido reuniones para tratar la unificación de ambas entidades* ”; Estipulación primeira: “ *...quedará automáticamente sin efecto el convenio cuando, en su caso, se produzca la unificación de ambas entidades intervinientes, siendo intención de las partes que la misma se lleve a efecto en la temporada 2013/2014* ” o que fai é describir a situación en Galicia e no resto do Estado.

Precisamente, a necesidade da existencia do convenio entre a FGF e a FGFS deriva da circunstancia que motiva a tramitación deste procedemento de revogación, isto é, que o fútbol sala non reúne a condición de modalidade (á vista dos pronunciamentos xudiciais) polo que co convenio pretendíase, transitoriamente, dar resposta aos problemas derivados desa circunstancia anómala (que unha especialidade teña federación propia) e posibilitar un acordo para a necesaria integración.

Cómpre reiterar unicamente que, estamos a tramitar un procedemento concreto e específico, de revogación do recoñecemento da FGFS como federación deportiva galega e de cancelación da inscrición da FGFS no Rexistro de Entidade Deportivas de Galicia, analizando a consideración do fútbol sala como especialidade deportiva e a revogación do recoñecemento da FGFS.



Tampouco pode ser admitida a alegación de que a FGF non recorreu con éxito en vía administrativa nin xudicial o recoñecemento do fútbol sala como modalidade independente do fútbol en Galicia.

Resulta facilmente comprensible que se os pronunciamentos xudiciais existentes sobre a materia por parte do Tribunal Supremo, conclúen de xeito indubitado que o fútbol sala debe ser considerado como especialidade , non vai ser outro o pronunciamento no caso de que a demandante fose a FGF, polo que non se fai necesario o ter que acudir á vía xudicial para resolver este asunto, pois é unha cuestión que entra dentro das competencias e funcións desta Secretaría Xeral para o Deporte.

A administración, cando a instancia da FGF, inicia o procedemento de revogación do recoñecemento da FGFS non necesita doutro pronunciamento xudicial sobre o mesmo obxecto e non pode obviar o xa resolto en sentenza firme respecto da consideración do fútbol sala como especialidade en termos tan claros como os contidos na sentenza do Tribunal Supremo do 17 de febreiro de 2009:

“*SEGUNDO*

En los motivos primero y tercero de casación que por su conexión procede analizar conjuntamente la parte recurrente denuncia respectivamente la infracción del artículo 5.4 de la Ley Orgánica del Poder Judicial y la infracción de las normas del ordenamiento y de la jurisprudencia al amparo del artículo 88.1.d de la Ley de la Jurisdicción .

Alegando entre otros lo siguiente: a), en primer lugar, la jurisprudencia invocada del Tribunal Constitucional y del Tribunal Supremo configura las Federaciones Deportivas, ya sean de ámbito autonómico o estatal, como una "asociación de configuración legal". Dicha asociación se define como una asociación distinta de la prevista en el art. 22 de la Constitución , que no comprende el derecho de constituir asociaciones para el ejercicio de funciones públicas de carácter administrativo relativas a un sector de la vida social. Por eso el derecho a constituir Federaciones Deportivas de ámbito autonómico o estatal existe en la medida y con el alcance que se regule en las correspondientes leyes del deporte. El Tribunal Constitucional estima que no es inconstitucional que el legislador correspondiente prevea determinados requisitos y fases para su constitución definitiva al margen de lo dispuesto en el art. 22 de la Constitución para las asociaciones constituidas al amparo del régimen general. La misma Sentencia del Tribunal Constitucional recuerda que a las Federaciones se les atribuye por ley el ejercicio de funciones públicas de carácter administrativo y que colaboran con el Comité Olímpico Español, y de conformidad con el ordenamiento internacio-



nal, regulan el ejercicio de sus respectivas especialidad y sus competiciones: b), en segundo lugar, dentro de su ámbito territorial y funcional, la Comunidad Autónoma de Aragón ostenta competencia exclusiva en materia de deporte. De ahí que el reconocimiento de una **modalidad deportiva así como de las correspondientes especialidades y de la Federación Autonómica correspondiente constituya un acto dictado en el ejercicio de competencias atribuidas por la Constitución Española y por el Estatuto de Autonomía de Aragón a la Administración de la Comunidad Autónoma**. La competencia, en el tema debatido, corresponde a la Comunidad Autónoma de Aragón con carácter exclusivo y excluyente; c), también debemos recordar la reciente sentencia del Tribunal Supremo de 20 de julio de 2005 -dictada en el recurso de casación 29/2000- y donde eran partes procesales las mismas que en el presente recurso que en su FD Sexto., señala que "En todo caso, ya este Tribunal dio plena virtualidad a la precedente Resolución del Consejo Superior de Deportes a la Federación Española de FútbolSala y este criterio fue confirmado por STC número 18/92, de 10 de febrero".

A), en primer lugar, en relación con el art. 34.4 de la Ley 10/90 de 15 de octubre, del Deporte ("La autorización o denegación de inscripción de una Federación Deportiva Española se producirá en función del interés deportivo, nacional o internacional, y de la implantación real de la modalidad deportiva") debemos señalar que hay que distinguir, una vez más, entre **modalidad** y especialidad deportiva. Entre las mismas hay una diferencia esencial, la **primera constituye una especie de tronco común que puede o no tener diversas formas de práctica**. Pero el reconocimiento oficial es el instrumento que la configura a partir de las tradiciones o hábitos en el mundo del deporte. De ningún modo, pues, tiene sentido el pronunciamiento de la Sala cuya Sentencia se impugna, porque corresponde a la Administración General del Estado o a la Administración de una Comunidad Autónoma, cada una, en su respectivo ámbito competencial, pronunciarse sobre la existencia de una modalidad deportiva. Todo ello ya lo hemos analizado en el apartado precedente de este escrito de interposición; B), por cada modalidad deportiva solo puede existir una Federación. Tanto la legislación nacional e internacional, como la jurisprudencia han dado la razón a la posición que mantiene la Administración de la Comunidad Autónoma de Aragón. **sencillamente, el fútbol - sala es una especialidad dentro de la modalidad de fútbol** con las únicas entidades que gestionan y organizan las competiciones oficiales de ámbito nacional e internacional. Dichas **Federaciones de ámbito autonómico y estatal han sido reconocidas oficialmente por los organismos deportivos de ámbito internacional como son la FIFA (Federación Internacional de Football Association) y la UEFA (Unión des Associations Européennes de Football)**. Las demás autodenominaciones Federaciones como es la FI-FUSA (Federación Internacional de Fútbol - Sala), no son oficiales, ni están reconocidas por los



*Estados, y desarrollan sus actividades totalmente al margen de las estructuras del deporte nacional e internacional. Dentro de la modalidad del fútbol existen diversas especialidades como son el fútbol - sala , fútbol -siete, fútbol femenino, y ahora el fútbol -playa pero todas deben estar integradas en una misma Federación Deportiva; C), en tercer lugar, citábamos en nuestro recurso de queja, una norma de carácter reglamentario como es la Orden de 8 de noviembre de 1999, del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte por la que se establecen los criterios para la elaboración de Reglamentos y realización de procesos electorales en las Federaciones Deportivas Españolas y Agrupaciones de Clubes (BOE número 275, de 17 de noviembre). Si comprobamos el contenido del anexo II de la citada Orden vemos que no existe una Federación Española de Fútbol - Sala y que el mismo se considera una especialidad dentro del fútbol realizándose un proceso electoral único para la Real Federación Española de Fútbol ; D), en definitiva la sentencia dictada por la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Aragón de 22 de marzo de 2004 por la que se estima el recurso interpuesto por la Federación Aragonesa de Fútbol - Sala incurre en una clara y evidente infracción, por inaplicación, de las **normas estatales invocadas** (Ley del Deporte del Estado y Normativa Reglamentaria sobre elaboración de Reglamentos Electorales) y de **las dos citadas Sentencias del Tribunal Supremo** que, respectivamente, **deniegan la posibilidad de que exista una Federación Española de Fútbol - Sala** y que exige la correlación entre la existencia de una modalidad deportiva para poder reconocer la existencia de una Federación Deportiva en su respectivo ámbito de actuación.*

Y procede acoger tales motivos de casación.

*De acuerdo con las propias argumentaciones de la parte recurrente y de la reiterada doctrina habida en la materia, entre otras sentencias del Tribunal Constitucional de 10 de febrero de 1992 y de esta Sala del Tribunal Supremo, entre otras sentencias de 8 de junio de 1987 , 30 de septiembre de 1987 , de 31 de marzo de 2006 , 9 de febrero de 2007 , 13 de febrero de 2007 , 6 de noviembre de 2007 , pues en ellas y particularmente en la del Tribunal Constitucional se ha declarado expresamente que las Federaciones , a tenor de lo dispuesto en la Ley del Deporte Ley 10/90 y del Real Decreto 1835/91 con asociaciones de configuración legal a las que no resulta aplicable el artículo 22 de la Constitución, y por otro lado si se ha tener en cuenta que según las previsiones de la norma solo puede existir una Federación por cada modalidad deportiva, artículo 34.1 de la Ley estatal y artículo 7 de la Ley de las Cortes de Aragón 4/93 de 16 de marzo , es claro, que al solo existir una Federación Española de Fútbol en la que está integrada como especialidad de Fútbol - Sala , **el reconocimiento del Fútbol - Sala como modalidad deportiva iría en contra de la regulación actual que los órganos deportivos competentes han establecido. Pero es que además el reconocimiento de una modalidad deportiva al ser competencia y potestad de los Órganos deportivos competentes, serán y han de ser estos los que valorando todas las circunstancias físicas, objetivas, téc-***



nicas, organizativas y de implantación tanto fuera como dentro de España los que precisen y determinen cuando a una especialidad deportiva le corresponde la condición de modalidad deportiva, que conlleva, como es exigido y se ha visto la creación e inscripción de una Federación que de ello se ocupe, y por ello por incidir razones deportivas, técnicas y de oportunidad, no se trata meramente de integrar un concepto jurídico indeterminado cual la sentencia recurrida refiere, pues en la materia hay valoraciones como las técnicas y de organización y hasta de oportunidad que corresponde apreciar exclusivamente a las Autoridades deportivas competentes, y que sólo se podrán revisar de acuerdo con la jurisprudencia que la parte invoca, sentencias del Tribunal Constitucional de 31 de marzo de 1998 y de esta Sala del Tribunal Supremo de 5 de junio de 1995 , de 27 de octubre de 1998 y de 28 de diciembre de 1996 , en determinados supuestos y por concretas causas que no concurren en el supuesto de autos en el que la Administración no sólo ha seguido el procedimiento al efecto establecido sino que ha expuesto las razones que le conducen a la desestimación de la petición, y esas razones además aparecen conforme con los informes y antecedentes obrantes.

TERCERO

La estimación de los anteriores motivos de casación obliga a esta Sala conforme a lo dispuesto en el artículo 95 de la Ley de la Jurisdicción , a resolver el fondo del asunto en los términos en que aparece planteado el debate sin necesidad de analizar los demás motivos de casación.

*Y a este respecto, como la autoridad competente desestimó la petición sobre el reconocimiento del Fútbol-Sala como modalidad deportiva, por las razones que expuso y como además de que las mismas no aparecen desvirtuadas es **lo cierto que el fútbol-sala está definido como especialidad dentro de la modalidad de fútbol e integrado en la Federación Española de Fútbol**, es procedente desestimar el recurso contencioso administrativo y confirmar la resolución impugnada.*

(...)

FALLAMOS

Que estimando dos de los motivos de casación aducidos, debemos declarar y declaramos haber lugar al recurso de casación, interpuesto por la Diputación General de Aragón, que actúa representada por el Letrado de la Comunidad Autónoma de Aragón contra la sentencia de 22 de marzo de 2004 , de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Aragón , recaída en el recurso contencioso administrativo 714/2000, y en su virtud: PRIMERO.- Casamos y anulamos la citada sentencia. SEGUNDO.- Desestimamos el recurso contencioso administrativo



interpuesto por La Federación Aragonesa de Fútbol-Sala, contra la Orden del Consejero de Cultura y Turismo de la Comunidad Autónoma de Aragón de 3 de octubre de 2000, por aparecer la misma ajustada a derecho”

f) Inadmisión da práctica de proba testifical e documental

Aduce a FGFS a falta de motivación da denegación da proba solicitada e incorpora a petición dunha nova proba documental (Solicitud a Dirección General del Deporte de la Comunidad de Madrid e a Secretaría General para el Deporte de la Generalitat verificando se seguen existindo federacións de Fútbol sala nesas comunidades autónomas)

A alegación de falta de motivación, tampouco pode ser admitida, pois na proposta de resolución fíxose unha explicación detallada e minuciosa dos motivos polos que non procedía a admisión da práctica das probas solicitadas, considerándose que a súa realización nada aportaría no procedemento.

Na mesma liña temos que pronunciarnos sobre a petición de proba documental pola que se solicita verificación da Dirección General del Deporte de la Comunidad de Madrid e a Secretaría General para el Deporte de la Generalitat sobre a existencia federacións de Fútbol sala nesas comunidades autónomas, cuestión que a propia proposta de resolución recollía de forma expresa, polo que esta proba nada aportará, ao tratarse dunha cuestión recoñecida no texto da proposta.

Así pois, polas razóns xa expostas na proposta de resolución e que tamén traemos a esta resolución, considerase improcedente a realización das probas solicitadas. Neste punto convén lembrar a xa consolidada doutrina do Tribunal Constitucional sobre o dereito á utilización dos medios de proba pertinentes ex artigo 24. 2 da Constitución española, doutrina recollida, entre outras, nas sentencias 168/1991, do 19 de xullo; 211/1991, do 11 de novembro; 233/1992, do 14 de decembro; 351/1993, do 29 de novembro; 131/1995, do 11 de setembro; 1/1996, do 15 de xaneiro; 116/1997, do 23 de xuño; 190/1997, do 10 de novembro; 198/1997, do 24 de novembro; 205/1998, do 26 de outubro; 232/1998, do 1 de decembro; 96/2000 do 10 de abril; e que se pode sintetizar no senso de afirmar que este dereito fundamental, que opera en calquera tipo de proceso no que o cidadán se vexa involucrado, non comprende un hipotético dereito a levar a



cabo unha actividade probatoria ilimitada en virtude da cal as partes estarían facultadas para esixir calquera proba que tivese a ben propoñer, se non que atribúe só o dereito á recepción e práctica das que sexan pertinentes, resultando posible considerar, como o fai o Tribunal Supremo na súa sentenza do 9 de outubro de 1996, innecesaria e prescindible a proba proposta pola parte cando, como ocurría no presente caso, existe proba suficiente para acreditar a realidade dos feitos e fundamentar esta resolución, sen que nada permita pensar que as probas omitidas, poderían conducir a un resultado diferente.

En todo caso, compre engadir o feito de que é na fase de instrución do procedemento cando se debe decidir se as probas propostas son de utilidade para o esclarecemento dos feitos, recoñecéndoselle unha ampla liberdade á administración para decidir ou non sobre a pertinencia dos medios probatorios propostos polos interesados (sentencias do Tribunal Supremo do 4 de marzo de 1997 e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 13 de novembro de 1997).

A STC 89/1986, de 1 de xullo manifesta que *"o xuízo sobre a innecesiedade da proba solicitada constitúe unha facultade que non pode poñerse en dúbida cando se practicaron outras probas en abundancia e a negativa de practicar outras probas faise de forma razoada"* ou a STS do 4 de outubro de 1984 *"non pode producirse indefensión ningunha no procedemento seguido...xa que, si ben lle foi denegada ao actor a proba de confesión proposta, sen embargo esa proba está suplida polos documentos que aparecen tanto no proceso como no expediente administrativo"*.

g) Ausencia de circunstancias habilitantes.

Pola FGFS alegase novamente que non concorre no presente expediente ningún cambio das circunstancias que poidan servir de fundamento á estimación da solicitude formulada pola FGF, polo que dada a transcendencia desta cuestión, daremos resposta as novas cuestións plantexadas neste punto e reiteraremos o xa especificado na proposta de resolución.

- **Do fútbol sala como especialidade deportiva:**

A FGFS, a pesares do contido da proposta de resolución, parece descoñecer, á vista das súas alegacións, a existencia dunha xurisprudencia clara e contundente respecto a condición do

fútbol sala como especialidade deportiva. Aínda a risco de pecar de reiterativos, volvemos a referirnos a sentenza do do Tribunal Supremo do 17 de febreiro de 2009, destacando do seu pronunciamento determinadas afirmación rotundas e concluíntes:

“ el reconocimiento del Fútbol - Sala como modalidad deportiva iría en contra de la regulación actual que los órganos deportivos competentes ...”

.. lo cierto que el fútbol-sala está definido como especialidad dentro de la modalidad de fútbol e integrado en la Federación Española de Fútbol, ...

Dunha lectura sosegada e íntegra desta sentenza, ninguén pode afirmar que, aínda recoñecendo a antigüidade da FGFS, a día de hoxe exista dúbida sobre a condición do fútbol sala como especialidade, realidade xurisprudencial que fai decaer o contido dos informes que se acompañan as alegacións da FGFS (informes que datan do ano 1998).

Tamén chama a atención a consulta parcial e sesgada que fixo a FGFS da páxina web do Consejo Superior de Deportes(de seguido, CSD), cando se refire a existencia de distintas federacións diferentes pero con aparentes similitudes, pois de ter continuado coa consulta da páxina do CSD, podería comprobar que o fútbol sala é unha especialidade deportiva integrada dentro da Real Federación Española de Fútbol.

Tampouco pode admitirse a pretensión de que as resolucións de entidades privadas (FIFA,RFEF) ou doutras administracións públicas(Estado) non sexa tidas en consideración nin obriguen ou vinculen a administración galega para tomar a decisión.

A Secretaría Xeral para o Deporte é plenamente consciente que o recoñecemento dunha modalidade/especialidade é unha competencia propia, pois así o establece o artigo 17 da Lei 3/2012, do deporte de Galicia, cando sinala que: *“Correspóndelle á Administración autonómica recoñecer as modalidades e as especialidades deportivas”*.

Precisamente, e en exercicio desa competencia, o que fai esta Secretaría Xeral é un estudio pormenorizado da realidade do fútbol sala no ámbito competitivo oficial a nivel internacional, nacional e autonómico, e no ámbito xurisprudencial, sendo unha realidade a existencia do fútbol como un deporte cunha idiosincrasia propia e con implantación a nivel nacional e a nivel internacional, existindo para estes efectos a Federación Española de Fútbol, recoñecida polo Consello Superior de Deportes (CSD) e a Federación Internacional de Fútbol Asocia-



ción(FIFA) fundada o 21 de maio de 1904. A Federación Española de Fútbol está recoñecida como federación olímpica polo Comité Olímpico Español.

Desa análise, constatouse que a nivel internacional, a FIFA ven regulando oficialmente o fútbol sala como unha especialidade do fútbol, organizando cada catro anos o mundial oficial desta especialidade e regulando as normas polas que se debe desenvolver a mesma en tódolos países.

A nivel nacional, o Consello Superior de Deportes acordou por resolución do 3 de novembro de 1982 a supresión do Rexistro de Asociacións e Federacións Deportivas da Federación Española de Fútbol Sala e, consecuentemente, a súa integración na Real Federación Española de Fútbol. Esa resolución foi confirmada pola sentenza do 20 de xuño de 1985 da Audiencia Nacional e pola sentenza do 5 de decembro de 1985 do Tribunal Supremo na que declara que a citada resolución foi ditada consonte a dereito, e pola sentenza 67/1985 do 24 de maio do Tribunal Constitucional na que se sinala que non se vulnerou o artigo 22 da Constitución relativo ao dereito a asociación:

*“La configuración de las Federaciones españolas como un tipo de asociaciones a las que la Ley atribuye el ejercicio de funciones públicas, justifica que se exijan determinados requisitos para su constitución, dado que no se trata de asociaciones constituidas al amparo del artículo 22 de la Constitución, que no reconoce el derecho de asociación para constituir asociaciones cuyo objeto sea el ejercicio de funciones públicas de carácter administrativo, según hemos indicado reiteradamente. Por eso, dado que el derecho a constituir Federaciones españolas existe en la medida y con el alcance con que lo regula la Ley, **no es inconstitucional que el legislador prevea determinados requisitos y fases para su constitución definitiva**. Por ello el artículo 15 no es inconstitucional, y la interpretación de su contenido es una cuestión de mera legalidad ajena a la competencia de este Tribunal.*

5.

Como hemos indicado ya anteriormente (Fundamento jurídico tercero, apartado C), el derecho de asociación que regula el artículo 22 de la Constitución se refiere a un género -la asociación- dentro del cual caben modalidades específicas: debiendo añadirse, como hemos señalado en el apartado anterior, que el derecho de asociación reconocido en el mencionado precepto no comprende el de constituir asociaciones con objeto de ejercer funciones públicas con carácter administrativo.

De acuerdo con estas consideraciones, el desarrollo del derecho de asociación reservado a la Ley orgánica se refiere al género asociación, por lo que el artículo 81 de la Constitución no se vulnera por el hecho de que existan leyes -como la Ley 13/1980- que incidan en el derecho de asociación reconocido en el artículo 22 de la Constitución, siempre que respeten lo establecido en la Ley Orgánica que lo desarrolle. Ley que en



este caso no ha sido aún promulgada después de la Constitución. (a día de hoxe si está promulgada e remite a regulación das federacións deportivas á súa propia normativa)”

Así pois, non existe un recoñecemento do fútbol sala como modalidade deportiva polo Consello Superior de Deportes (CSD), senón como unha especialidade deportiva dentro do fútbol.

Sorprende tamén a alegación da FGFS na que se sinala que é falso que no resto de España o fútbol sala sexa unha modalidade deportiva, significando na alegación que en Cataluña e en Madrid contan cunha federación independente, pois esa circunstancia foi recollida expresamente na proposta de resolución nos seguintes termos:

“Agás Madrid e Cataluña, no resto das Comunidades Autónomas do territorio español, (Asturias, Cantabria, País Vasco, A Rioxa, Navarra, Comunidade Valenciana, Illas Baleares, Andalucía, Rexión de Murcia, Canarias, Extremadura, Castela e León, Castela-A Mancha, Aragón...) o fútbol sala está integrado na correspondente federación de fútbol”

No artigo 17 da Lei do deporte régúlase o recoñecemento de modalidades e especialidades deportivas sinalando que :

“2.Enténdese por modalidade deportiva o conxunto de prácticas e regras que conforman unha forma peculiar de práctica deportiva con carácter autónomo e diferenciado de calquera outra. A determinación dunha modalidade deportiva farase sobre a base das técnicas utilizadas para o exercicio, a destreza necesaria, a diferenciación con outras modalidades, a implantación e o nivel de práctica.

*Para o recoñecemento dunha modalidade deportiva terase en conta, entre outros factores, o seu **recoñecemento ou a existencia desta no ámbito internacional, estatal e autonómico**, a súa relevancia e especificidade, a práctica autóctona, o número de practicantes e a estrutura asociativa que a avale.*

3.Enténdese por especialidade deportiva aquela práctica deportiva que, malia non reunir os requisitos para ser considerada modalidade deportiva, ten singularidade na súa práctica, aínda que vinculada ou organizada dentro dunha modalidade deportiva tanto por razóns históricas da súa práctica coma pola existencia dun elemento de práctica común a todas elas.

4.O procedemento e a lexitimación para instar o recoñecemento das modalidades deportivas e especialidades deportivas ante a Administración deportiva determinarase regulamentariamente e de forma autónoma respecto do recoñecemento de federacións deportivas.”

Nese estudo pormenorizado, tamén acudimos á xurisprudencia recaída en relación a esta materia. Son numerosas as sentenzas ditadas, e todas elas firmes, nas que se establece a conformidade a dereito da integración do fútbol sala dentro do fútbol. Así, temos as sentenzas do Tribunal Constitucional número 67/1985 de 24 de maio e 18/1992 de 10 de febreiro, senten-



zas do Tribunal Supremo, Sala 3ª de do Contencioso-Administrativo de 5 de decembro de 2005, de 30 de setembro de 1987, de 8 de xuño de 1989, de 9 de febreiro de 2007 e de 13 de febreiro de 2007.

A última sentenza (xa reproducida nas consideracións legais e técnicas), ditada nesta materia, o 17 de febreiro de 2009 pola Sección Cuarta da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Supremo (recurso casación 332/06), resultou moi clarificadora e definitiva, non soamente por ser a última, senón porque ademais realiza unha análise pormenorizada dos motivos que levan á consideración do fútbol sala como unha especialidade deportiva e referida a unha comunidade autónoma.

Esta sentenza ven a revogar a sentenza ditada no seu día polo Tribunal Superior de Xustiza de Aragón do 22 de marzo de 2004 (recurso contencioso-administrativo 714/00), que mantiña unha posición favorable ao recoñecemento do fútbol sala como unha modalidade deportiva propia e específica.

A orixe deste conflito xudicial, que rematou coa referida sentenza, estaba motivado pola decisión da Dirección Xeral de Deportes do Goberno de Aragón do ano 1993 que resolveu proceder á desinscrición da Federación Aragonesa de Fútbol sala como Federación Deportiva Aragonesa no Rexistro Xeral de Asociacións Deportivas.

Nun procedemento como o que acontece en Galicia, e como vimos reiterando, a sentenza do Tribunal Supremo de 17 de febreiro de 2009 recoñece de xeito indubitado que corresponde á comunidade autónoma a competencia para levar a cabo ese recoñecemento como modalidade/especialidade e para inscribir/desinscribir unha federación deportiva, recollendo ademais o precedente da resolución do Consello Superior de deportes do 3 de novembro de 1982 pola que acordaba a supresión do Rexistro de Asociacións e Federacións Deportivas da Federación Española de Fútbol Sala, integrándoa na Federación Española de Fútbol.

Deste xeito, podemos concluír que concorren as circunstancias habilitantes para que esta administración resolva considerar o fútbol sala como unha especialidade que debe integrarse na FGF, ao concorrer os criterios establecidos na Lei do Deporte de Galicia

- **Da revogación do recoñecemento da Federación Galega de Fútbol Sala como federación deportiva galega**



A Lei do Deporte de Galicia regula as federacións deportivas nos artigos 51 e seguintes sinalando:

“Artigo 51. Concepto.

5. Só se recoñecerá unha federación deportiva por cada modalidade deportiva. Así mesmo, as especialidades deportivas só poderán estar adscritas a unha federación.

Artigo 54. Constitución de federacións deportivas.

1. Correspóndelle á Administración deportiva autonómica autorizar e revogar a autorización da constitución das federacións deportivas galegas e a aprobación dos seus estatutos e regulamentos de réxime interno, agás os que se refiren ás normas técnicas da correspondente práctica deportiva.

4. A autorización da constitución dunha federación deportiva esixe, con carácter previo, que a Administración deportiva recoñeza a existencia dunha modalidade deportiva nos termos desta lei.

5. Para a autorización da constitución dunha federación deportiva teranse en conta os seguintes elementos:

a) Existencia dunha modalidade deportiva recoñecida.

b) Interese xeral da actividade deportiva.

c) Suficiente implantación en Galicia.

d) Viabilidade económica da nova federación.

8. A revogación da autorización das federacións deportivas galegas corresponderalle á Administración autonómica pola desaparición dos motivos que deron lugar á súa autorización e inscrición, así como no caso de incumprimento dous seus obxectivos

Artigo 64. Revogación do recoñecemento de federacións deportivas.

1. A Administración autonómica poderá revogar o recoñecemento daquelas federacións que non cumpran os requisitos establecidos nesta lei e que xustificaron o seu recoñecemento oficial.

A revogación tramitarase e resolverase pola Administración deportiva de Galicia. O procedemento de revogación iniciarase de oficio ou por instancia de parte interesada, e deberá dársele audiencia á federación respectiva.

2. A revogación do recoñecemento das federacións deportivas comportará:

a) A cancelación de oficio da súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas.



b) *A perda da titularidade de todos os dereitos recoñecidos por esta lei e de todas as funcións encomendadas por ela.*

c) *A obriga de disolución.*”

Determinada a consideración do fútbol sala como unha especialidade, á vista dos artigos transcritos, dáse o suposto establecido no artigo 64 da Lei do Deporte para que se proceda a revogación do recoñecemento da FGFS como federación deportiva galega, toda vez que os requisitos de constitución deben cumprirse no momento da constitución e durante toda a vida útil da mesma, circunstancia que non acontece no presente caso.

Así, pois, partindo da consideración do fútbol sala como especialidade deportiva, non concorre o o primeiro requisito establecido de “*existencia dunha modalidade deportiva recoñecida*”, polo que procede revogar o recoñecemento da Federación Galega de Fútbol sala.

Ademais deste incumprimento, prodúcese tamén o incumprimento do interese xeral da actividade deportiva, con importantes e graves consecuencias para os principais suxeitos da practica deportiva, unha vez denunciado o convenio asinado no ano 2012 entre as dúas federacións, dando por reproducido o sinalado nas consideración legal e técnica terceira da presente resolución na que se constata a defensa do interese xeral dos estamentos do fútbol sala ao ditar a presente resolución.

Debe primar o interese xeral da actividade deportiva e dos practicantes para que poidan desenvolver esta práctica en plenitude de dereitos e condicións e que esta non se vexa lastrada por situacións administrativas alleas ao que é esa actividade, plenitude que unicamente se conseguirá coa integración do fútbol sala na FGF.

Como xa se sinalou, a situación actual pendía única e exclusivamente dun convenio que tiña data de obxectivo a tempada 2013/14. O interese xeral, manifestado nese convenio, era conseguir a unificación das dúas federacións á vista da situación desta especialidade en toda España. O convenio, no seu expoñendo primeiro ven a recoñecer que no ámbito estatal e en varias comunidades autónomas o fútbol sala é unha especialidade deportiva, namentres que en Galicia tiña a consideración de modalidade deportiva, situación que “*provoca que los sujetos de la práctica deportiva del fútbol sala domiciliados en Galicia se rijan por una normativa diferente según que participen en competiciones oficiales de ámbito estatal...o en competiciones oficiales de ámbito autonómico.*”



Reiteramos, que a tramitación deste procedemento ten por obxectivo defender o interese xeral da actividade deportiva e dos practicantes da mesma, por riba doutros intereses ou de organizacións existentes, na defensa de lograr unha práctica nas mellores condicións posibles para toda a poboación galega. Se a vontade era clara de unificación, ou sexa de que o fútbol sala se integrara na federación galega de fútbol, resulta claro que ese era o interese e o espírito do convenio, circunstancia que é a que se valora na presente resolución, antepoñendo o interese xeral aos intereses particulares das federacións.

Coa consideración do fútbol sala como especialidade e a súa integración na Federación Galega de Fútbol, os distintos estamentos deportivos que configuran o fútbol sala (xogadores, adestradores, árbitros e clubs) non dependerán dun convenio e da súa vixencia ou extinción para exercer a práctica deportiva en plenitude, resolvéndose esa situación coas vantaxes de ter as mesmas garantías, dereitos e obrigas que o resto dos deportistas desta especialidade no resto do Estado.

Á vista de todo o sinalado, acordase revogar o recoñecemento da FGFS como federación deportiva galega por non cumprir o requisito de existencia de modalidade deportiva e vulneración do interese xeral, cos efectos previstos no artigo 64.2 transcrito.

- **Da cancelación da inscrición da Federación Galega de Fútbol Sala no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.**

Abordada a consideración do fútbol sala como especialidade deportiva, da revogación do recoñecemento da Federación Galega de Fútbol Sala como federación deportiva galega, danse os supostos legais para a cancelación da inscrición da Federación Galega de Fútbol Sala no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

Como se sinala no artigo 64.2 da Lei do Deporte:

“2. A revogación do recoñecemento das federacións deportivas comportará:

a) A cancelación de oficio da súa inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas.”

- **Alegación de sobre a posible vulneración da libre competencia**



Por último, a FGFS pon de manifesto que está valorando a posibilidade de recorrer que soamente exista unha competición oficial por modalidade/especialidade deportiva. A este respecto sinalar que a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia establece no seu artigo 5.1.1), 18 e seguintes o réxime xurídico das competicións, regulando:

Artigo 5 Competencias da Administración autonómica.

1. Consonte a competencia exclusiva establecida no artigo 27.22 do Estatuto de autonomía de Galicia, correspóndelle á Administración autonómica o exercicio das seguintes competencias:

l) Cualificar e autorizar as competicións oficiais de ámbito autonómico, e autorizar a utilización de denominacións como “campionato galego”, “copa de Galicia”, “campionato autonómico” ou expresións de contido semellante. A autorización entenderase outorgada nas competicións que, organizadas polas federacións deportivas galegas, teñan esas denominacións, agás prohibición expresa que deberá ser motivada

Artigo 18. Clasificación.

As competicións deportivas que teñan lugar na Comunidade Autónoma de Galicia clasificaranse:

a) Polo seu carácter, en competicións oficiais e competicións non oficiais

Artigo 19. Competicións oficiais de ámbito autonómico.

1. Considéranse competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico as cualificadas como tal polas respectivas federacións deportivas de Galicia ou pola Administración deportiva autonómica dentro do seu ámbito competencial.

2. As competicións oficiais federadas de ámbito autonómico serán organizadas pola correspondente federación deportiva galega de forma directa ou mediante a adxudicación a calquera entidade deportiva ou persoa física ou xurídica.

3. Para os efectos previstos na alínea anterior, son competicións oficiais federadas de ámbito autonómico aquelas que, realizándose en Galicia, sexan incluídas polas federacións deportivas galegas no calendario oficial que aproba a asemblea xeral. Este calendario deberá serlle comunicado á Administración deportiva no prazo de sete días desde a devandita aprobación, e entenderanse cualificadas como tales se a Administración deportiva non formula observacións no prazo de dez días.

Sen valorar a decisión que finalmente adopte a FGFS ao respecto desta resolución, a día de hoxe, e segundo a lexislación vixente, resulta claro que unicamente terán a condición de competición oficial as que teñan ese carácter en función do regulado na normativa deportiva.



Finalmente, logo de dar resposta a todas as cuestións plantexadas pola FGF e pola FGFS, queremos reproducir a reflexión final que se contén na proposta de resolución, para que pase a formar parte do corpo da resolución deste procedemento.

Como sinalaba esa reflexión, o certo é que acorde coa realidade existente no panorama das modalidades/especialidades e das federacións a nivel nacional e internacional, e en defensa dos deportistas galegos que practican o fútbol sala faise necesario emitir a presente resolución, unha vez denunciada a vixencia do convenio..

A primeira vía que promoveu esta Secretaría Xeral para o Deporte, foi a vía do dialogo, o consenso e o acordo entre as federacións protagonistas deste procedemento. Na unificación traballou esta administración todos estes anos, sempre tendo como faro a defensa do interese xeral e dos practicantes do fútbol sala, buscando liñas de dialogo e consenso, celebrando xuntanzas, xuntanzas nas que mesmo se chegou a encomendar polas federacións a redacción dunha proposta de unificación a unha persoa independente, que elevou proposta en marzo de 2017, sen que as posicións se moveran, motivo polo que ante a constatada imposibilidade de chegar a un acordo, e existindo unha petición concreta e clara e unha perda de vixencia do convenio do ano 2012, esta administración deportiva, no exercicio das súas funcións e en defensa do interese xeral dos deportistas, decide resolver esta situación.

A realidade internacional, nacional, autonómica e xurisprudencial non ven mais que a reafirmar que a decisión de considerar o fútbol sala coma unha especialidade dentro do fútbol é unha decisión correcta

A día de hoxe, ninguén pode poñer en dúbida de que no ano 2012 existía un interese claro e concreto, de que en Galicia se levava adiante unha unión de ambas federacións. Ese interese e vocación se veu referendado mediante a sinatura dun convenio entre ambas federacións co horizonte de conquistar esa unión nun período corto de tempo.

Todas esas xestións administrativas e de mediación, lamentablemente non chegaron a bo porto, a pesar de que todos os participantes nestas xuntanzas tiñan claro que o proceso, chame-mos “natural” debería concluír na integración do fútbol sala na FGF, circunstancia que o propio escrito da FGFS de 25 de maio de 2017, recolle de xeito expreso o mantemento do compromiso da FGFS de chegar a un acordo para avanzar na integración do fútbol sala galego



dentro da FGF, compromiso que pode entenderse que deriva da asunción dunha realidade que ten que concluír por unha vía ou outra nesa solución.

Como consecuencia desa falta de acordo, a pesares da existencia dunha vontade de unificación, e transcorridos case cinco anos desde a sinatura do convenio, a esta administración só lle queda a vía do uso das súas potestades administrativas para resolver este procedemento, que non se pode prolongar indefinidamente en espera dun acordo que non da chegado, polo que

VISTA a Lei 3/2012, do deporte de Galicia, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa de xeral aplicación, formulase a seguinte **RESOLUCIÓN**:

PRIMEIRO. Revogar o recoñecemento da Federación Galega de Fútbol Sala como federación deportiva galega.

SEGUNDO. Cancelar a inscrición da Federación Galega de Fútbol Sala no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

TERCEIRO. As licenzas de xogadores, adestradores e árbitros expedidas pola Federación de Fútbol Sala manterán a súa validez e antigüidade ata a expedición de novas licenzas pola Federación Galega de Fútbol.

CUARTO. Os órganos de goberno da Federación Galega de Fútbol asumirán, de conformidade cos seus Estatutos, as funcións que corresponden para a práctica da especialidade deportiva de fútbol sala, nomeadamente a planificación, organización e programación desta especialidade así como a aprobación do calendario de competicións do fútbol sala que será de obrigado cumprimento para clubs, xogadores, adestradores e árbitros.

QUINTO. Os clubs asociados á Federación Galega de Fútbol Sala pasarán a integrarse na Federación Galega de Fútbol a partir da publicación da resolución, cos mesmos dereitos e deberes que tiñan recoñecidos.

Os clubs asociados á Federación Galega de Fútbol Sala que non pretendan integrarse na Federación Galega de Fútbol deberán notificar a ésta última a súa vontade no prazo de quince días



contados a partir da publicación da resolución. En caso de non notificación, integraranse de oficio.

SEXTO: Na distribución de membros da Asemblea Xeral da Federación Galega de Fútbol adecuarase estes membros ao número proporcional de licenzas.

Para dar cumprimento á presente resolución, a FGFS, respectando a normativa de protección de datos, deberá facilitar e trasladar todos os expedientes, datos e informes, dos que dispoña en exercizo das funcións delegada, á Secretaría Xeral para o Deporte para que esta poida dar traslado a FGF co fin poder exercer en plenitude as funcións delegadas pola administración no prazo de dez días a contar desde a notificación da presente resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe a interposición de recurso potestativo de reposición ante esta Secretaría Xeral no prazo dun mes dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, dende o día seguinte á recepción da presente notificación de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdicción contencioso-administrativa.